



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

No Salón de Actos da Casa do Concello, ás trece horas do un de abril de dous mil dezanove, reuníronse en sesión extraordinaria (á que foron previamente convocados) baixo a presidencia do Sr. Alcalde Don José Ángel Santos Sánchez, os concelleiros Don Mauro Faustino Mourín González, Don Jesús Julio Cortiña López, Dona María Isabel García Pacín, Don Juan Carlos Casal Pena, Dona María Josefa Janeiro Vizcaíno, Dona María Ángeles Pilar López López, Don José Antonio Barreiro Villar e Dona María de los Ángeles Martínez Martínez.

Non asisten os concelleiros Dona Fátima Iglesias Núñez e Don Álvaro Santos Ramos.

Asiste como Secretario o da Corporación, Don Julio González Casanova.

Seguidamente pasouse a tratar os asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1.- FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS A CELEBRAR O VINDEIRO 28 DE ABRIL, CONVOCADAS POLO REAL DECRETO 129/2019 DE 4 DE MARZO.- Efectuados os trámites necesarios para a formación das Mesas para as Eleccións Xerais, de acordo co disposto no art. 26 da Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, éstas quedaron formadas coas persoas que se indican, para os cargos que se expresan do xeito seguinte:

SECCIÓN PRIMEIRA.- MESA A (Friol)

Titulares:

Presidente: Dona Vanessa Díaz Mata
1º Vogal: Dona Leticia Rodríguez Carballal
2º Vogal: Don Rubén Dorado Espiñeira

Suplentes:

De Presidente: Dona Ana Isabel Castro Rodríguez
Dona Laura García Viña.
De 1º Vogal: Dona Alba María Pardo Serén
Don Ángel Ramos Rebolo
De 2º Vogal: Dona María Esther Roca Carnota
Don Diego Ferro Pena

SECCIÓN PRIMEIRA.- MESA B (Cotá)

Titulares:

Presidente: Dona Marta Arias Redondo
1º Vogal: Dona Mónica Couce Rigueiro
2º Vogal: Don Martín Castro Corbelle

Suplentes:

De Presidente: Dona Rocío del Río López
Dona Carlota Espiñeira López
De 1º Vogal: Dona Cristina Lameiro Arias
Dona Ana Miranda López
De 2º Vogal: Dona María José Roibás Corredoira
Dona María Inés Rodríguez Varela

SECCIÓN SEGUNDA.- MESA U (Condes)

Titulares:

Presidente: Dona María Sol Busto Devesa
1º Vogal: Don José Antonio Iglesias López
2º Vogal: Don Miguel Penas Boado

Suplentes:

De Presidente: Dona Rocío Rebolo Serén
Don José Manuel Alvite García

De 1º Vogal: Don Oscar Francisco Freire Arias
Don José Ángel Varela Dablanca
De 2º Vogal: Dona Jennifer Vidal Franco
Don Alejo Bran Vidal

SECCIÓN TERCEIRA.- MESA A (Carballo)

Titulares:

Presidente: Don Daniel Serrano Cabado
1º Vogal: Dona Bibiana Díaz Fernández
2º Vogal: Dona Laura Sánchez Estraviz

Suplentes:

De Presidente: Dona Elena María Lamas Modia
Don Jesús Varela Corredoira

De 1º Vogal: Dona Ana Belén Lourés Díaz
Dona María Santos Lodeiro
De 2º Vogal: Don José Luis Buján Penas
Dona Alba Lodeiro Garea

SECCIÓN TERCEIRA.- MESA B (Xiá)

Titulares:

Presidente: Dona Vanessa Fernández Saavedra
1º Vogal: Dona Alba Seoane Barba
2º Vogal: Don Alberto Sánchez Jul

Suplentes:

De Presidente: Dona Lidia Santos Dablanca
Don Jesús Ángel Ares Prieto

De 1º Vogal: Don Benedicto Serén López
Don Juan López Brao
De 2º Vogal: Dona Patricia Corredoira Lea
Don Santiago Vázquez Fariñas

SECCIÓN CUARTA.- MESA A (Narla)

Titulares:

Presidente: Dona Marta Argerey Neira
1º Vogal: Don Oscar Varela Castro
2º Vogal: Dona Ana Fariñas Rodríguez



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Suplentes:

De Presidente: Don Rubén Penín Rouco
Don Iván Río Lorenzo

De 1º Vogal: Don José Manuel Rouco Lamas
Dona Rocío Varela Corredoira

De 2º Vogal: Don Borja López Penelas
Dona María Isabel Pena Vázquez

SECCIÓN CUARTA.- MESA B (Roimil)

Titulares:

Presidente: Don Andrés Ramos Fágil

1º Vogal: Dona Mercedes Lamas Serén

2º Vogal: Dona Lorena Núñez Santos

Suplentes:

De Presidente: Dona Verónica Varela Villar
Don Alberto Grande Terrón

De 1º Vogal: Don Fernando Lodeiro Fraga
Dona Ana María Blanco Roca

De 2º Vogal: Don Pablo Varela Rodríguez
Don Pablo Martínez Méndez

SECCIÓN CUARTA.- MESA C (Miraz)

Titulares:

Presidente: Dona Nuria Vázquez Argerey

1º Vogal: Don Diego Ferreiro López

2º Vogal: Dona Nerea Campo Fariñas

Suplentes:

De Presidente: Dona Lucía López Cela
Don Isidro Cruz Noya

De 1º Vogal: Don Marcos Estapé Rodríguez
Don Adrián Díaz Bargados

De 2º Vogal: Don Adrián Piñeiro Janeiro
Dona María Josefa Novo Buján

SECCIÓN CUARTA.- MESA D (Nodar)

Titulares:

Presidente: Don David Roca Bernárdez

1º Vogal: Dona Laura Romero Espiño

2º Vogal: Don Alberto Santos Roca

Suplentes:

De Presidente: Don David Espiño Fernández
Don Iván López García

De 1º Vogal: Dona Susana Domínguez Roca
Dona María Pilar Buján Quijada

De 2º Vogal: Don Julio Cabado Prado
Don Víctor Manuel Andón Rodríguez

2.- DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO NA PARROQUIA DE CONDES A SOLICITUDE DE DONA MARÍA CARMEN ADÁN FERREIRO.-

Dáse conta ao Pleno do expediente incoado a solicitude de Dona María del Carmen Adán Ferreiro, en canto proprietaria de parcelas nos polígonos 405 e 406, sitas no lugar de Fondoso, parroquia de Condes, no que solicita a desafectación do camiño, alegando que perdeu a finalidade pública para a que foi destinado, engadindo que as parcelas ás que da servizo, son todas do mesmo propietario e se atopan en proceso de agrupación. Acompaña documentación técnica de Breogán Enxeñería S.L, asinado pola enxeñeiro técnico agrícola Dona Rocío Vázquez López, describindo a solicitude e acompañando planos e certificacións catastrais descritivas e gráficas e documentación acreditativa da propiedade.

O camiño ao que se refire a solicitude atópase baixo a titularidade do Concello de Friol ref. 27020A40609004000PP, polígono 406 parcela 9004, en concreto un total de 2.295m². Di que non é preciso para a finalidade pública a que foi destinado, xa que se trata dun camiño de uso privado ao quedar totalmente imposibilitada a saída do mesmo á estrada na súa banda norte, logo do recrecido do viario trala reparación desta CP-1611, na cal se creou un talude de mais de 6ms de alto.

O camiño figura no Inventario de Bens Municipais co núm. de orde dentro do Grupo 1068-16, núm. de orde dentro do Inventario 1068, que comeza en CR Guntín e remata en Castro, anchura de 5 metros e una lonxitude de 770 metros.

Ao respecto da solicitude, emitíuse informe polo arquitecto Sr. López Vázquez, no que se sinalan diversas consideracións de índole técnica e xurídica. Conclúe que antes de continuar, deberán resolverse as deficiencias apreciadas na documentación técnica, e caso de non solventarse, estímase que procedería sen mais trámite o arquivo das actuacións. Coa data 14 de novembro de 2018, preséntase escrito, no que pon de manifesto cuestións ao respecto do informe técnico emitido. Coa data 13 de decembro, presenta novo escrito, aclarando o presentado no mes de novembro, no senso de que a solicitude de desafectación, en trámite acótase soamente á parte do camiño que se atopa fora da categoría de solo de núcleo rural, ou sexa, solicita a desafectación da parte de camiño que se atopa sobre solo rústico. Coa data 18 de febreiro, emítese informe técnico, polo que se informa en sentido favorable a tramitación do expediente, mediante os trámites de información pública, tendo en conta que se refire exclusivamente ao ámbito do camiño sito fora do solo de núcleo rural (305 metros aproximadamente).

Proponse ao Pleno do Concello a desafectación do tramo de camiño a que fai referencia a documentación presentada, e os informes técnicos emitidos, debendo acreditarse a súa oportunidade e legalidade. A oportunidade queda xustificada, á vista do informe técnico emitido en base a razóns de interese público, acreditadas na documentación técnica presentada, consistentes en que non se prexudica ao interese xeral, xustificándose o desuso por imposibilidade de acceder, unha vez que se executou a estrada, que crea un talude de 6 metros.

Unha vez exposto o asunto polo Secretario, a petición do Sr. Alcalde, pola concelleira do Grupo Socialista Sra. Martínez Martínez, ponse de manifesto que votarán a favor da proposta, xa que se trata dun camiño en desuso, non desexando facer mais intervencións ao respecto.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Á vista das razóns de oportunidade e conveniencia postas de manifesto, así como dos informes emitidos nos que se sinalan os antecedentes postos de manifesto e a a lexislación aplicable, despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (nove votos a favor) e polo tanto co quórum da maioría absoluta legal dos membros da corporación **ACORDA**:

- Desafectar como ben de uso público o tramo do camiño citado con anterioridade ao que fai referencia a documentación técnica presentada, identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. 1068-16 (que comeza en CR Guntín e remata en Castro), no tramo situado fora do solo de núcleo rural (305 metros aproximadamente), segundo a documentación técnica elaborada e os informes emitidos.
- Que de conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación provisional da desafectación do camiño, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións.
- Que no caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de desafección, a superficie resultante da parcela patrimonial (unha vez desafectada), procederase á súa enaxenación, de conformidade co previsto na normativa de aplicación.
- Dar conta do expediente ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no art. 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Unha vez concluída a votación, polo Sr. Alcalde, proclamouse o acordo adoptado.

3.- DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO EN NARLA, A SOLICITUDE DE DON MANUEL LOUREIRO LAMAS.- Dáse conta ao Pleno do expediente incoado a solicitude de Don Manuel Loureiro Lamas, de modificación do trazado de camiño e mellora de camiño, segundo documentación técnica realizada polo Enxeñeiro T. Agrícola Don Rubén Crecente Pérez, solicitando desafectación de parte do camiño.

O camiño figura no Inventario de Bens Municipais co núm. de orde dentro do Grupo 172-4 , núm. de orde dentro do Inventario 172. coa denominación Pista Calle-A Portela, que comeza en Calle, pasa por Vilariño e remata en A Portela, figurando cunha anchura de 6,5 metros e una lonxitude de 3.840 metros.

Ao respecto da solicitude no seu día presentada, emitíuse informe polo arquitecto Sr. López Vázquez, no que se sinalan diversas consideracións de índole técnica e xurídica. Conclúe que antes de continuar, deberán resolverse as deficiencias apreciadas na documentación técnica, e caso de non solventarse, estímase que procedería sen mais trámite o arquivo das actuacións.

O 16 de novembro de 2018, preséntase escrito, no que pon de manifesto cuestións de índole urbanística e técnica ao respecto do informe técnico emitido. En relación coa adecuación á legalidade urbanística, dise que o camiño está afectado por varias clasificacións do solo, unha parte está en solo de núcleo común, e o que se pretendía mellorar coa compensación da desafección está en maior parte en solo rústico de protección de augas. Polo tanto optan con cambiar o planteamento inicial e procede a

solicitar que se tramite a desafección de un tramo de 117,40 metros lineais do devandito camiño (27020A080090030000BG), sen realizar a compensación de terreos que se plantexara. Con elo, ao non ter que realizar cambios de trazado por ampliación ou mellora no camiño que se realizaba a compensacións de terreos e ao non tocar en absoluto o camiño que se pretende desafectar, cumprirían escrupulosamente coa condición de non apertura ou ampliación de novos camiños, tanto dos contemplados no solo de núcleo rural como en solo rústico, e tamén cumprirían coa condición de non afectar muros de peche existentes en parcelas colindantes co camiño.

No que se refire á adecuación do expediente á legalidade urbanística, di que non causa prexuízos a terceiras persoas no habitual uso, que se refire ao tránsito por camiños públicos. A desafección está perfectamente acotada nos posibles prexuízos, como se pode comprobar na cartografía da zona, xa que:

- A desafección non imposibilita o tránsito de persoas, vehículos ou máquinas agrícolas na zona.
- Non supón diminución na calidade das vías alternativas que se poden utilizar para o tránsito, xa que a vía alternativa está en iguais condicións de uso que a que se desafecta (asfaltadas) e incluso aunque sexa por poucos centímetros, presenta unha anchura de vía superior á do camiño que se pretende desafectar.
- Existe unha rede viaria alternativa na mesma zona, que serve perfectamente para dar accesos á zona.
- En ningún momento esta desafección de parte do trazado, impide que desempeñe as mesmas funcións de comunicación de lugares e propiedades.

No que se refire ao cómputo da desafección do tramo de 117,40 metros lineais, supón desafectar unha superficie de 351 metros cadrados, comprendida no perímetro que mide un total de 241 metros lineais. O resto do trazado do camiño seguirá intacto e pode seguir sendo utilizado como parte da rede viaria da parroquia de Narla. Proponse utilizar como alternativa un tramo de camiño que figura na documentación técnica, e o resto do propio camiño desafectado. O único que se fai con esta desafección é desprazar o entronque coa estrada nuns 136 metros mais ao oeste.

Coa data 25 de marzo do actual, emítase informe técnico, no que á vista das consideracións que figuran no mesmo, enténdese que podería que podería continuar o expediente, ao resolverse as deficiencias apreciadas na documentación técnica.

Proponse ao Pleno do Concello a desafectación do tramo de camiño a que fai referencia a documentación presentada, na que debe acreditarse a súa oportunidade e legalidade. A oportunidade queda xustificada, á vista da documentación presentada e do informe técnico emitido, xustificándose polas razóns expostas na documentación técnica presentada en novembro de 2018, no que se solicita desafectar un tramo de 117,40 metros lineais, mellorando o camiño a utilizar. Todo elo, de acordo coa documentación presentada. Non obstante, estarase ao que resulte do trámite de información pública.

Unha vez exposto o tema polo Secretario, a petición do Sr. Alcalde, intervén a concelleira do Grupo Socialista Sra. Martínez Martínez. Pon de manifesto que consultaron o tema cos veciños da zona, e á vista da oposición dos mesmos, votarán en contra da proposta, non desexando facer mais intervencións ao respecto.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

O Sr. Alcalde responde que ao respecto de este asunto, era previsible a oposición dos veciños, xa que sempre houbo litixiosidade en relación cos camiños na zona. Non obstante, á vista da documentación presentada e dos informes emitidos, considera que segundo o establecido na lexislación vixente, debe procederse á tramitación do expediente, e á vista do resultado do trámite de información pública, adoptárase o acordo que se estime procedente.

Á vista das razóns de oportunidade e conveniencia postas de manifesto, así como dos informes emitidos nos que se sinalan os antecedentes postos de manifesto e a a lexislación aplicable, despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por sete votos a favor (do Sr. Alcalde e dos votos dos concelleiros do Grupo Popular asistentes á sesión) e dous votos en contra (dos concelleiros do Grupo Socialista asistentes á sesión) polo tanto co quórum da maioría absoluta legal dos membros da corporación **ACORDA:**

- Desafectar como ben de uso público o tramo do camiño ao que fai referencia a documentación técnica presentada en novembro de 2018, asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Sr. Crecente López, identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. Inventario 172. coa denominación Pista Calle-A Portela, que comeza en Calle, pasa por Vilariño e remata en A Portela. A desafección refírese a un tramo de 117,40 metros lineais do devandito camiño, segundo a documentación presentada e os informes emitidos.
- Que de conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación provisional da desafección do camiño, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións.
- Que no caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de desafección, a superficie resultante da parcela patrimonial (unha vez desafectada), procederase á súa enaxenación, de conformidade co previsto na normativa de aplicación.
- Dar conta do expediente ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no art. 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Unha vez concluída a votación, polo Sr. Alcalde, proclamouse o acordo adoptado.

4.- DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO NA PARROQUIA DE CONDES A SOLICITUDE DE DON JOSÉ MANUEL VARELA ARIAS.- Dáse conta ao Pleno do expediente incoado a solicitude de Don José Manuel Varela Arias, que presentou en xullo de 2018, proxecto para expediente de desafección e permuta de camiño, en parroquia de Narla, lugar de Pacios, segundo documentación técnica elaborada pola enxeñeira técnico agrícola Dona Íria Villar Sánchez.

Na mesma dise que as pistas atópanse na parroquia de Narla, e pretende modificar o trazado de unha delas e darlle un ancho ata os 6 metros, e a outra pasaría a ser propiedade de José Manuel Varela Arias, que á súa vez, cede ao concello a parcela 83 do polígono 34, que pode servir para o acomodo de vehículos nas casas de esa zona. Con elo

consíguese anular unha pista que non se aproveita, xa que ten un acceso moi difícil, que pasaría a ser propiedade de José Manuel Varela Arias, e acondiciónase a outra pista dándolle mais ancho para un mellor servizo dos veciños e del mesmo. A desafección e permuta, sería cedendo Don José Manuel Varela ao concello unha superficie de 1.186m² aproximadamente e o concello de Friol cedería a José Manuel Varela unha superficie de 848m² aproximadamente.

O camiño figura no Inventario de Bens Municipais co núm. de orde dentro do Grupo 463-9, núm. de orde dentro do Inventario 463 , que comeza en Pacios e remata en CM 434, anchura de 3 metros e una lonxitude de 1.300 metros.

Ao respecto, emitiuse informe polo arquitecto Sr. López Vázquez, de data 24 de outubro de 2018, no que se sinalaban diversas consideracións de índole técnica e xurídica. Concluía o informe, no senso de:

“Por tanto, antes de continuar el expediente, deberá resolverse las deficiencias apreciadas en la documentación técnica:

- **El camino que se desafecta figura parcialmente en el plano correspondiente del núcleo rural de Pacios. El camino que se mejora y amplía no figura en el plano correspondiente del núcleo de Pacios. En estas condiciones no se cumple lo establecido**
- **En relación con la prohibición de derribar muros tradicionales, No se acredita en la documentación técnica. Deberá acreditarse el mantenimiento de los muros existentes, tanto en el camino que se desafecta como en el camino que se mejora”.**

O informe púxose de manifesto ao interesado, mediante Resolución da Alcaldía asinada o 29 de outubro. Advertíase que transcurrido o prazo, de non presentar alegacións nin resolver as deficiencias na documentación técnica presentada, procederíase ao arquivo do expediente sen mais trámite.

Non constan mais actuacións ata o 27 de marzo de 2019, que se presenta novo escrito, acompañado de documentación técnica, asinada por Iria Villar Sánchez. Di que se pretende a desafección e permuta de pistas, pretendendo arranxar e limpar o trazado de unha delas, e a outra pasaría a ser propiedade de José Manuel Varela Arias, que tamén cede ao concello a parcela 83 do polígono 34, e unha pequena franxa da parcela 188 do polígono 46. No mesmo dise que a situación actual da pista para acondicionar é un firme de terra, con bastante vexetación, e cun ancho insuficiente para o bo tránsito de calquera vehículo. A parcela 83 atópase nas mesmas condicións que a pista mencionada con anterioridade. Deberán facerse obras de retirada e apilado de terra, apertura de caixa e base macadam 10 cm, que ascenden a un orzamento, incluído o iva de 6.206,61 €. A superficie cedida por José Manuel Varela Arias, ascende a 582 m², a cedida polo concello de Friol a 304 m²

Ao respecto, emítese informe técnico coa mesma data 27 de marzo, no que conclúe: "Por tanto, procede continuar el expediente, una vez resueltas las deficiencias apreciadas en la documentación técnica".

Propónse ao Pleno do Concello a desafectación do tramo de camiño a que fai referencia a documentación presentada en marzo do actual, xa que as actuacións ás que se refire a solicitude presentada en xullo do pasado ano archiváronse sen mais trámite, ao non presentar no seu momento a documentación requirida, nin presentar alegacións. Na tramitación do expediente, deberá acreditarse a súa oportunidade e legalidade. Ao respecto da proposta constan informes técnicos e de Secretaría.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Unha vez exposto o tema polo Secretario, a petición do Sr. Alcalde, intervéñ a concelleira do Grupo Socialista Sra. Martínez Martínez, poñendo de manifesto que votarán a favor da proposta.

Á vista das razóns de oportunidade e conveniencia postas de manifesto, así como dos informes emitidos nos que se sinalan os antecedentes postos de manifesto e a a lexislación aplicable, despois das intervencións ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (nove votos a favor) e polo tanto co quórum da maioría absoluta legal dos membros da corporación **ACORDA:**

- Desafectar como ben de uso público o tramo do camiño citado con anterioridade ao que fai referencia a documentación técnica presentada, identificado no Inventario de Bens Municipais co núm. Grupo 463-9, núm. de orde dentro do Inventario 463, segundo a documentación técnica elaborada e os informes emitidos.
- Que de conformidade co disposto na normativa de aplicación o presente acordo, en canto aprobación provisional da desafectación do camiño, así como o expediente do que trae razón, se someta ao trámite de exposición pública polo prazo de un mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e presentación de reclamacións.
- Que no caso de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o acordo ata entón provisional entenderase definitivamente aprobado. No caso de presentarse reclamacións, resolveranse polo Pleno.
- Unha vez aprobado definitivamente o expediente de desafección, a superficie resultante da parcela patrimonial (unha vez desafectada), procederase á súa enaxenación mediante permuta, de conformidade co previsto na normativa de aplicación.
- Dar conta do expediente ao órgano correspondente da Comunidade Autónoma, de conformidade co previsto no art. 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Unha vez concluída a votación, polo Sr. Alcalde, proclamouse o acordo adoptado.

E non sendo outro o obxecto do presente acto, á vista de que non hai mais asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión, sendo ás trece horas e coarenta minutos da data ao principio indicada, de todo o que que eu, Secretario, redacto a presente acta e dou fe.